
RÍO MIÑO. UNHA VIAXE ENTRE SOLSTICIOS

Texto de XESÚS FRAGA

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 216 páx. 18 €

978-84-19213-48-8. Lecturas expertas. Ágora K.

XVIII PREMIO EUROSTARS DE NARRATIVA DE VIAXES

Que sei deste lugar que non saiba de ningún outro?

e

Que sabe esta paisaxe de min que non saiba eu mesmo?

A primeira resposta espero obtela do propio Miño, para o que deberei mergullarme no seu territorio, longo e ancho.

Durante seis meses, entre os solsticios de inverno e de verán, Xesús Fraga percorreu o curso do río Miño, dende o seu nacemento no Pedregal de Irímia, na serra de Meira, ata a súa desembocadura no océano Atlántico, cruzando tres das catro provincias do país e a beira norte de Portugal.

Nesta viaxe natural e contemplativa, narrada con concisión e enxeño, o narrador convídanos a acompañalo polo fluxo dos regatos do río primordial de Galicia, pero tamén polas terras que o abranguen, como a Terra Chá, Lugo, Paradela, a Ribeira Sacra, Os Peares, Ourense ou Castrelo de Miño.

Mesturando un estilo tan lírico como documentado, a narración de Fraga non se limita á dimensión natural do Miño, senón que inclúe o histórico, cultural e sentimental, irmandando escenarios, paisaxes, voces e testemuños únicos, e reflexionando sobre o pasado, presente e futuro tanto do río como do noso país.

«Río Miño. Unha viaxe entre solsticios» é un redescubrimento da «columna vertebral, física e simbólica de Galicia» e, así mesmo, unha evocación sobresaínte da paisaxe que convida á reflexión.



-
- **Temática:** natureza, viaxes, río Miño, Galicia.
 - **Destinatarios:** lecturas expertas.
 - **Aspectos destacables:** historia; crónica; reflexión; viaxe interior.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/rio-minho-g>
-

Xesús Fraga

(Londres, 1971)

Xornalista, tradutor e escritor. Licenciouse en Periodismo na Universidade Pontificia de Salamanca, onde tamén cursou estudos de Filoloxía Inglesa. Dende 1996 traballa en medios impresos, dixitais e na radio, e é redactor de *La Voz de Galicia* dende 1997. Conta tamén cunha ampla carreira como tradutor, pois levou do inglés ao galego a obra de autores como Vladimir Nabokov, Jack Kerouac, Robert Macfarlane ou Julian Barnes, entre outros. Como escritor cultiva xéneros como a narrativa infantil e xuvenil, os relatos como «A-Z» (2003), e as novelas: «Solimán» (2004) ou «Virtudes (e misterios)» (2019), pola que recibiu o Premio Blanco Amor e o Premio Nacional de Narrativa en 2021.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
